

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FENE E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL NO ANO 2025

REUNIDOS

Dunha parte, Alejandra Permuy Meizoso , con DNI núm.: 32****32J, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Fene, en nome e representación do Concello de Fene, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 21.1 b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E de outra, Maite Isla Avión con DNI núm.: 35****00P en calidade de Presidenta da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí con CIF núm.:G15924558, domiciliada en Avda. Alcalde Gregorio Espiño, 57,baixo, 36205 Vigo, Pontevedra.

MANIFESTAN

I. Que o Concello de Fene, de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Fene, pode conceder de forma directa, con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

II. O Pleno do Concello de Fene, en sesión extraordinaria que tivo lugar o día 21 de abril de 2025, adoptou o acordo de aprobación do orzamento municipal e do cadro de persoal do Concello de Fene 2025, cuxo anuncio foi publicado no BOP da Coruña número 76 de mércores, 23 de abril de 2025.

Na relación nominal de subvencións do anexo I contemplase unha subvención nominativa por un importe de 1.000,00€ a favor da entidade Solidariedade galega co pobo saharauí.

III. Que ambas partes teñen plena capacidade e lexitimidade para formalizar este convenio.

IV. Que é vontade da Concellería de Benestar Social participar na mellora das condicións básicas de alimentación para as persoas refuxiadas saharais a través da colaboración cas Organizacións de solidariedade. Se consideran colectivos en risco de pobreza, entre outros, aqueles nos que inciden variables tales como a idade e a insuficiencia de recursos económicos para facer fronte as necesidades máis básicas de alimentación e vestimenta.

V. Que é recoñecido o traballo desenvolvido pola Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, na colaboración co departamento de servizos sociais.

A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí é unha entidade sen ánimo de lucro que traballa principalmente con persoas refuxiadas do pobo saharauí. A finalidade desta entidade é dobre, por un lado pretende mellorar as condicións de vida tanto das persoas refuxiadas saharais, como da poboación residente no Sáhara ocupada por Marrocos; por outra parte, dende o ano 1991 que se creou o movemento solidario en Galicia, o obxectivo segue sendo dar resposta as necesidades de planificación e mellora na xestión e execución da axuda humanitaria dirixida os Refuxiados Saharais que se da na nosa Comunidade a petición e coordinación da Delegación Saharai para Galicia.

Que a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí ten escritura pública de constitución o 27 de xaneiro de 2004 en Santiago de Compostela e figura inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia con número 2004/007037 sendo o seu domicilio social en Avda. Alcalde Gregorio Espiño 57,baixo, 36205 Vigo, Pontevedra.

VI. Que o obxecto deste convenio paliar a falta de alimentos básicos da poboación de refuxiados saharauís en Tindouf como consecuencia dos atrasos nos programas das Nacións Unidas, así como os recortes na participación de doantes. A isto engádese a pandemia de Covid-19 que agravou máis a situación xa existente nos campamentos de refuxiados saharauís. Esta situación agravouse principalmente para os menores que en anos anteriores se trasladaban a este Concello a través do programa "vacacións en paz", e que debido a pandemia tivo que cancelarse.

Estas axudas supoñen un conxunto de actuacións destinadas a cubrir as necesidades básicas de alimentación para a poboación refuxiada Saharauí en Tindouf, atendendo principalmente aos menores.

VII. Que ante o interese coincidente, as dúas partes acordan formalizar e asinar este convenio de colaboración que se axustará ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. FUNDAMENTO LEGAL

O artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións establece que poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

O artigo 1.3 b) da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Fene dispón o seguinte:

"(...) Subvencións directas sen convocatoria previa: As que se outorgan, con carácter excepcional nos supostos en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública(...)"

SEGUNDA. OBXECTO E PERIODO DE VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto a cooperación do Concello de Fene coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí para desenvolver actividades de interese social.

Que o programa a desenvolver é o que pretende mellorar as condicións de vida da poboación saharauí a través de axuda alimentaria a poboación refuxiada en Tindouf.

A axuda que a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí recibe por parte do Concello está destinada a compra de alimentos para abastecer a poboación de persoas refuxiadas en Tindouf.

O Convenio terá un periodo de vixencia de xaneiro a novembro de 2025.

TERCEIRA. CRÉDITO ORZAMENTARIO

O Pleno do Concello de Fene, en sesión extraordinaria que tivo lugar o día 21 de abril de 2025, adoptou o acordo de aprobación do orzamento municipal e do cadro de persoal do Concello de Fene 2025, cuxo anuncio foi publicado no BOP da Coruña número 76 de mércores, 23 de abril de 2025.

Na relación nominal de subvencións do anexo I contemplase unha subvención nominativa por un importe de 1.000,00€ a favor da entidade Solidariedade galega co pobo saharauí.

O Concello de Fene tiña previsto no Anexo I das Bases de Execución do Orzamento municipal de 2025, unha subvención nominativa á Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí por importe máximo de mil euros #1.000,00 €# con cargo á aplicación orzamentaria 231.489.00.

A antedita cantidade debe destinarse única e exclusivamente ao financiamento dos gastos que se especifican na memoria e no orzamento de gastos que presenta a entidade.

CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables os gastos derivados do desenvolvemento da antedita actividade, ata un máximo de 1.000,00 € e que se realicen dende o 01.01.2025 ate o 30.11.2025.

Terá a consideración de gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Establécese a compatibilidade con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, que poida percibir a entidade beneficiaria. Non obstante, o importe da subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados supere o custo da actividade a desenvolver pola mesma.

QUINTA. DOCUMENTACIÓN

Para a plena efectividade do presente convenio, deberá achegarse a seguinte documentación:

- Solicitud subvención nominativa para mantemento e funcionamento da asociación durante o ano 2025
- Formulario A-1: Declaración de non ter solicitadas outras subvencións
- Formulario A-2: Declaración de ter solicitadas outras subvencións
- Formulario 3: Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e fiscais
- Formulario 4: Declaración responsable de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade
- Formulario 5: Memoria explicativa das actividades para as que solicita subvención
- Formulario F: Conta xustificativa de ingresos e gastos
- Acreditación da persoa responsable da entidade
- DNI da persoa representante
- Tarxeta da identificación fiscal
- Certificado de Axencia Tributaria estatal, certificado débedas da Axencia Tributaria de Galicia e certificado da Seguridade Social, de non estar incurso nas prohibicións para obter a devandita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Documento bancario da titularidade da conta na que facer efectivo o pagamento da subvención

No caso de que algunha da antedita documentación obrase en poder do concello, exímese da súa presentación.

En todo caso, a devandita documentación deberá constar no momento da sinatura do presente convenio.

SEXTA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

Son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Levar a cabo as actividades que se establecen na memoria presentada ao efecto da obtención desta subvención.
- b) Cumprir coas obrigas que veñen impostas pola normativa reguladora das subvencións públicas.

SÉTIMA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí deberá presentar conta xustificativa final dos gastos realizados, no periodo de tres meses dende a súa aprobación.

Mediante unha resolución da alcaldía acreditarase o cumprimento da finalidade, que constitúe o obxecto do presente convenio, procedéndose á aprobación da conta xustificativa presentada pola Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí ordeándose o pagamento que corresponda. Todo isto, sempre e cando a documentación xustificativa fose a correcta.

O pagamento da subvención efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para o efecto pola entidade beneficiaria. Aboarase nun único pago, unha vez aprobado por Resolución de Alcaldía e despois da súa sinatura.

O importe dos gastos xustificativos deberá ser, como mínimo, do importe da cantidade asignada neste convenio. En caso de non xustificar o importe total do convenio verase reducido proporcionalmente o importe a percibir.

Non se esixe garantía para o adiantamento de fondos, de conformidade co artigo 15 da Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Fene, aprobada polo pleno en sesión de 30 de marzo de 2007 e publicada no BOP nº135 de 15 de xuño.

Para a xustificación das cantidades asignadas neste convenio, deberá presentarse a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa e detallada das actividades que se realizaron. Incluirase tamén unha relación dos gastos ocasionados polas actividades que se realizaron e dos ingresos que se obtiveron para as ditas actividades.
- b) Acreditación gráfica do cumprimento de facer constar a colaboración do concello de Fene en toda a información que se faga das actividades subvencionadas (folletos, carteis, libros, videos, CD's, etc).
- c) Declaración xurada que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención.
- d) Declaración xurada que acredite que non se obtivo ningunha outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, ou, polo contrario, onde conste unha relación detallada doutras subvencións ou axudas concedidas para a mesma finalidade.
- e) Conta xustificativa e orixinal das facturas representativas dos gastos realizados. As facturas deberán cumprir os requisitos esixidos polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- f) Xustificantes de pagamento dos gastos mediante extractos ou certificacións bancarias nos que conste o beneficiario, o importe e a data de pagamento. Excepcionalmente, no caso de que o pagamento se efectuase en metálico (forma de pago non admitida para os gastos de importe superior a 600 euros) achegarase declaración xurada do tesoureiro da entidade sobre este extremo na que se recollerá unha relación dos pagos efectuados en metálico sinalando: número de factura, concepto, importe e data de pago.

No caso de que a realización das actividades obxecto da subvención xeren gastos de persoal, xustificaranse mediante nómina, factura ou documento equivalente. Deberá estenderse no orixinal da nómina, factura ou documento equivalente ou substitutivo unha dilixencia na que se faga constar que foi empregada como xustificante de gasto para a xustificación deste convenio, con indicación no seu caso, da porcentaxe a aplicar e tamén achegar a xustificación do pagamento dos devanditos gastos.

g) Declaración xurada de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma), e en concreto, co concello de Fene, e coa Seguridade Social, e que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

De non presentar a xustificación no prazo establecido, ou non desistir de forma voluntaria por escrito no mesmo prazo, será requirida a entidade beneficiaria para a súa presentación (artigo 70 do RD 887/2006). A falta de presentación no prazo de 15 días dende o requirimento, dará lugar a que pola alcaldía se inicie expediente de anulación do correspondente compromiso.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

OITAVA. MODIFICACIÓN

Toda alteración das condicións que se tiveran en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou

entes públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda que se contempla neste convenio.

NOVENA. RELACIÓNS LABORAIS OU DOUTRA ORDE CON TERCEIRAS PERSOAS

Se a entidade destinataria da axuda municipal tivera necesidade de contratar os servizos de terceiras persoas para realizar as actividades obxecto deste convenio, deberá observar estritamente as obrigas que á entidade lle impoña a lexislación vixente en materia de seguridade social e seguridade e hixiene no traballo.

O concello non manterá relación laboral ningunha coas persoas que a entidade beneficiaria da axuda municipal puidera contratar nin asumirá responsabilidade de ningún tipo polo incumprimento en que o devandito beneficiario puidera incorrer.

DÉCIMA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no presente convenio.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación das contías recibidas.

UNDÉCIMA. COMISIÓN SEGUIMIENTO

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o convenio. Esta Comisión estará composta en representación do Concello de Fene polo/a concelleiro/a delegado/a da Área de Benestar Social quen poderá delegar no persoal funcionario desa área que estime oportuno, e pola outra parte o representante legal da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí ou persoa na que delegue.

A Comisión terá as seguintes funcións:

1. Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
2. Interpretar e resolver as dúbidas, que se puideran suscitar na aplicación do convenio.

DUODÉCIMA. CONTROL FINANCEIRO, REINTEGRO DA SUBVENCIÓN E SANCIÓN

Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigos 29 e seguintes da Ordenanza xeral de subvencións do concello de Fene, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

No que respecta ao reintegro de subvencións e imposición das correspondentes sancións, estarase ao disposto na Lei Xeral de Subvencións e demais normativa aplicable na materia.

DÉCIMOTERCEIRA. NATUREZA

O presente convenio ten natureza administrativa, as resolucións que se adopten porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DECIMOCUARTA. INTERPRETACIÓN

Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución do obxecto do convenio, aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Fene, e as Bases de execución do orzamento.

DÉCIMOQUINTA. CONSTANCIA DA COLABORACIÓN MUNICIPAL.

Cando a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí desenvolva actos públicos ou informe, por calquera medio de comunicación ou publicidade, das actividades subvencionadas por este convenio, fará constar e difundir a colaboración municipal. Nas publicacións (carteis, programas, catálogos, anuncios publicitarios,...) deberá constar o escudo ou logotipo municipal.

DÉCIMOSEXTA. SEGUIMENTO DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS.

É obriga da entidade beneficiaria da subvención segundo establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no seu art. 11. apartado c) "*someterse as actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente o a entidade colaboradora, no seu caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes,... aportando tanta información sexalles requirida...*". Polo que deberá facilitar os medios materiais e persoais, cando sexa requirido polos técnicos municipais, có fin de permitir o correcto seguimento da actividade subvencionada.

DECIMOSÉTIMA.- LINGUA VEHICULAR

Todos os documentos que se deriven deste convenio entre o concello e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí redactaranse en lingua galega así como toda presenza pública (rótulos, indicadores na rúa, publicidade de calquera tipo, etc.) que as partes que convenian realicen referentes ao asunto deste convenio. Así mesmo eliminaranse os estereotipos sexistas na linguaxe.

DÉCIMOOITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento coa normativa reguladora dos datos de carácter personal, ambas partes comprométense a cumprir, nos termos en que sexan de aplicación, o establecido na Lei 15/1999, de Protección de Datos de Carácter personal e lexislación aplicable.

E en proba da súa conformidade asinan dixitalmente o presente convenio.

A alcaldesa

A representante da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí